

Venres, 14 de xaneiro de 2022

Núm. 9

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

#### **SALVATERRA DE MIÑO**

#### **Ordenanzas e Regulementos**

#### *APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE INSTALACIÓNS, CONSTRUCIÓNS E OBRAS*

### **APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE INSTALACIÓNS, CONSTRUCIÓNS E OBRAS**

O Pleno do Concello de Salvaterra de Miño, na sesión extraordinaria e urxente, que tivo lugar o día 02 de novembro de 2021, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de instalacións, construcións e obras, mediante modificación do artigo 3 bis BONIFICACIONES.

En cumprimento do disposto no artigo 17.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o acordo de aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de instalacións, construcións e obras do Concello de Salvaterra de Miño, someteuse a información pública mediante un anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, número 221, de data 16 de novembro de 2021, e no diario "FARO DE VIGO", de data 10 de novembro de 2021, uns dos de maior tirada da provincia de Pontevedra, polo prazo de trinta días hábiles, iniciándose dita exposición pública o día 16 de novembro de 2021 e finalizando o día 30 de decembro de 2021 (ambos inclusive)

Unha vez finalizado o período de exposición pública e ao non presentarse reclamacións, reparos ou observacións dentro do prazo mencionado, enténdese definitivamente aprobada a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de instalacións, construcións e obras do Concello de Salvaterra de Miño.

De conformidade co establecido no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, procédese a continuación a publicar o texto íntegro da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de instalacións, construcións e obras do Concello de Salvaterra de Miño, aprobadas polo Pleno do Concello de Salvaterra, na sesión extraordinaria e urxente, do día 02 de novembro de 2021, e que son as seguintes:



Venres, 14 de xaneiro de 2022

Núm. 9

*ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE INSTALACIÓNS, CONSTRUCIÓNS E OBRAS***ARTIGO 3. BIS. BONIFICACIÓNS.**

1.- En virtude do artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aplicarase unha bonificación da cota íntegra deste imposto para as instalacións, construcións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre en cando implique creación de emprego. Será a petición do solicitante, e terá que acreditar que se compren as condicións anteriores. As porcentaxes de bonificacións son as seguintes:

- Dun 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- Dun 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Dun 50% pola creación de ata 10 postos de traballo

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

2.- En virtude do artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aplicarase unha bonificación do 95% a favor das construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais ou histórico-artísticas que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A bonificación á que fai referencia neste apartado anterior terá carácter rogado, e será necesaria a acreditación do suxeito pasivo de estar incurso no suposto establecido, presentando a documentación demostrativa do mesmo.

3. En virtude do artigo 103.2.e) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aplicarase unha bonificación do 90 % a favor das construcións, instalación ou obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade da vivenda dos discapacitados.

A bonificación prevista neste punto aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refiren as letras anteriores.

A bonificacións ten carácter rogado e deberán ser solicitada polo suxeito pasivo do imposto.



Venres, 14 de xaneiro de 2022

Núm. 9

Unha vez introducidas na Ordenanza as citadas modificacións, aprobadas polo Pleno na sesión do día 02 de novembro de 2021, que entrarán en vigor unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, o texto refundido da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de instalacións, construcións e obras do Concello de Salvaterra de Miño, publicada inicialmente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 221, de data 16 de novembro de 2021, queda como segue:

### *ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE INSTALACIÓNS, CONSTRUCCIÓN E OBRAS*

#### **ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito imponible deste Imposto a realización en todo o termo municipal de calquera construción, obra ou instalación para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, se houbera obtido ou non dita licenza, sempre que a súa expedición corresponda ao Concello da imposición.

As construcións, instalacións, ou obras a que se refire o apartado anterior poderán consistir en todos aqueles actos suxeitos a licenza segundo o previsto na Lei do Solo e Regulamento de Disciplina

#### *URBANÍSTICA, EN PARTICULAR:*

- a) Obras de nova planta e ampliación de construción existentes.
- b) Obras de modificación ou de reforma tanto as que modifiquen a disposición interior como o aspecto exterior.
- c) Instalación de rótulos e letreiros.
- d) Peche de terreos.
- e) Obras en cemiterios.
- f) Obras e instalacións industriais.
- g) Obras de urbanización.
- h) Calquera outra construción, instalación ou obra que requira licenza urbanística.

#### **ARTIGO 2. SUXEITOS PASIVOS**

1. Son suxeitos pasivos deste Imposto a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que sexan donos das construcións, instalacións ou obras, sexan ou non propietarios dos inmobles sobre os que se realicen aquelas.



Venres, 14 de xaneiro de 2022

Núm. 9

A estes efectos, terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra que soporte os gastos ou custes que supoña a súa realización.

2. No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do mesmo os que soliciten as correspondentes licencias ou realicen as construcións, instalacións ou obras. O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da obriga tributaria satisfeita.

Os substitutos do contribuínte están obrigados a cumprir tódalas obrigas tributarias relativas a este imposto incluída a de efectua-lo ingreso das cotas en Arcas Municipais de conformidade co disposto na Lei Xeral Tributaria.

### **ARTIGO 3. EXENCIONS.**

Está exenta do pagamento do Imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa o dono o Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, que estando suxeitas o mesmo, vaia a ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto si se trata de obra de inversión nova como da súa conservación.

### **ARTIGO 3. BIS. BONIFICACIÓNS.**

1.- En virtude do artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aplicarase unha bonificación da cota íntegra deste imposto para as instalacións, construcións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre en cando implique creación de emprego. Será a petición do solicitante, e terá que acreditar que se compren as condicións anteriores. As porcentaxes de bonificacións son as seguintes:

- Dun 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- Dun 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Dun 50% pola creación de ata 10 postos de traballo

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

2.- En virtude do artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aplicarase unha bonificación do 95% a favor das construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais ou histórico-artísticas que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.



Venres, 14 de xaneiro de 2022

Núm. 9

A bonificación á que fai referencia neste apartado anterior terá carácter rogado, e será necesaria a acreditación do suxeito pasivo de estar incurso no suposto establecido, presentando a documentación demostrativa do mesmo.

3. En virtude do artigo 103.2.e) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aplicarase unha bonificación do 90 % a favor das construcións, instalación ou obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade da vivenda dos discapacitados.

A bonificación prevista neste punto aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refiren as letras anteriores.

A bonificacións ten carácter rogado e deberán ser solicitada polo suxeito pasivo do imposto.

#### **ARTIGO 4. BASE IMPOÑIBLE E DEVENGO.**

A base imponible deste imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra, entendéndose por tal, a estes efectos, o custe de execución material desta.

Non forman parte da base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, nin tampouco as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio profesional do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custe de execución material.

A base liquidable deste imposto será idéntica á base imponible.

O imposto devindicarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non contase coa correspondente licenza.

#### **ARTIGO 5. TIPO IMPOSITIVO E COTA.**

1. O tipo de gravame será o 3,00 % para a construción, obra ou instalación que se realice dentro do denominado Plataforma Loxística Industrial de Salvaterra e As Neves e restantes Polígonos Industriais, e para o casco urbano. Para o restante termo municipal, o tipo impositivo a aplicar será de 0,25%.

2. A cota deste imposto será o resultado de aplicar á base liquidable o tipo de gravame.

#### **ARTIGO 6. XESTION.**

Cando se conceda a licenza preceptiva ou cando, non habéndose solicitado, concedido ou denegado aínda dita licenza preceptiva, iníciase a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional a conta, determinándose a base imponible en función do orzamento presentado polos interesados, sempre que se houbera visado polo colexio oficial correspondente cando elo constituía un requisito preceptivo.



Venres, 14 de xaneiro de 2022

Núm. 9

Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra, e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará no seu caso, a base impositiva a que se refire o apartado anterior practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

## ARTIGO 7. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En todo o relativo a infraccións tributarias e ás súas cualificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ó disposto na Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria, e restante normativa de aplicación.

## DISPOSICIÓNS FINAIS

No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación a Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

As precedentes modificacións, entrarán en vigor o mesmo día da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

## Recursos procedentes:

Contra este acordo de modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de instalacións, construcións e obras do Concello de Salvaterra de Miño, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderá interperse polos interesados recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ó da súa publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), e todo iso sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente e sexa conforme a Dereito.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

A Alcaldesa — Marta Valcárcel Gómez

Documento asinado dixitalmente á marxe.

